

ACTA DA XUNTA DE COMPRAS

Sendo as 13:00 horas do día **1 de agosto de 2014**, no Salón de Comisións, sito na 3ª planta do Centro de Servizos Municipais, reúnese a Xunta de Compras, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes membros:

- Presidente, dona Sonia Méndez García
- Polo Grupo Municipal do PSOE; dona Esther Muñoz Mella
- Pola Concellería de Infraestructuras e Zona Rural: don Manuel Enrique Chaín Fernández.
- Polo Grupo Municipal do BNG; dona Paz Abreira Sobrado
- Polo Grupo Municipal do PP; Don Juan Carlos Plaza
- Pola Intervención Xeral; don Marcial Rodríguez Toajas
- Pola Asesoría Xurídica; dona Ana I. Sáez Mancebo
- Polo Servizo de Contratación; dona Ana Tabarés Martínez, actuando como Secretaria.

1.- Aprobación e sinatura da acta correspondente ó día 18 de xullo de 2014.

2.- Propostas para ditame e valoración:

- De Cultura

- Para a contratación das obras de infraestrutura eléctrica do recinto feiral de San Froilán 2014, por importe de 34.105,87 euros, adxudicado á **TEI LUGO INSTALACIONES, S.L.**
- Para infraestrutura eléctrica para caravanas-vivendas dos adxudicatarios de parcelas no recinto feiral, por importe de 8.698,01 euros, adxudicado á **TEI LUGO INSTALACIONES, S.L.**
- Para a celebración do III Obradoiro da Escola de narración oral: “contar contento: Teoría e práctica da narración oral”, por importe de 3.000 euros, adxudicado á **ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA.**
- Para a actuación do DJ Marcos Peón na parroquia de Santiago de Piugos co motivo da súa festa patronal, por importe de 450 euros, adxudicado á **D.J. MARCOS PEÓN.**
- Para maquetación, actualización, impresión e instalación de seis vinilos para os paneis informativos dos museos municipais, por importe de 553,30 euros, adxudicado á **TA TA TA COMUNICACIÓN, S.L.**
- Para visitas guiadas pola Muralla a cargo dunha guía oficial de turismo, por importe de 453,75 euros, adxudicado á **INMACULADA VARELA SUÁREZ.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- Para a actuación de grupo de gaitas Cantigas e Frores na festa da troita na ponte do Río Neira - A Fervenza, por importe de 450 euros, adxudicado á **RUPO DE GAITAS CANTIGAS E FRORES.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente, aínda que se solicita informe á Cultura, xa que a actuación é fóra do término municipal.

- De Educación

- Para limpeza e mantemento de canlóns e baixantes dos centros de ensino público (C.E.I.P - C.E.I.) e E.I. municipais, por importe de 17.968,50 euros, adxudicado á **SOLUCIÓN E INNOVACIÓN PROFESIONAIS, S.L.**
- Para obras varias nos Ceips: Illa Verde, Menéndez Pelayo e Rosalía de Castro, por importe de 21.963,44 euros, adxudicado á **OBRAS Y SERVICIOS LUGO, S.L.U.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Parque Móbil

- Para a adquisición de recambios, accesorios e reparacións, por importe de 10.890 euros, **(PROPOSTA XENÉRICA).**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Benestar Social e Igualdade

- Para 6 anuncios de 6 módulos para publicar en datas sen determinar na edición de Lugo b/n no diario La Voz de Galicia, S.A., por importe de 1.481,04 euros, adxudicado á **LA VOZ DE GALICIA, S.A.**
- Para a impresión de libros e carteis dentro da programación de animación socio-cultural programa 2014-2015, por importe de 915,97 euros, adxudicado á **DE SEGUNDA GALLEGA, S.L.**
- Para póliza que cubra os accidentes que poidan sufrir os asistentes ás actividades organizadas pola Área de Benestar Social: excursións, visitas guiadas, talleres, aulas abertas....por importe de 17.946,92 euros, adxudicado á **ACE EUROPE.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Infraestructuras e Medio Rural

- Para a execución das obras de reparación e reforzo de estrutura de contención en Garaballa de Arriba, por importe de 3.604,34 euros, adxudicado á **CONSTRUCCIONES SANLE, S.L.**
- Para a coordinación de seguridade e saúde nas obras de reparación e reforzo de estrutura de contención en Garaballa de Arriba, por importe de 441,71 euros, adxudicado á **OFICINA TÉCNICA LUCENSE, S.L.P.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Medio Ambiente (taller de augas)

- Para proposta xenérica para a adquisición de material de reposición para o seu uso polo persoal do taller de augas e pequenas obras de reparación en colaboración co taller, por importe de 8.000 euros. **(PROPOSTA XENÉRICA).**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Desenvolvemento Local

- Para asistencia técnica de impartición de 8 horas de docencia correspondente ao obradoiro de formación transversal de Fomento do coidado e respecto ao medioambiente da acción formativa: "Operacións básicas de restaurante e bar" do proxecto Lugo emprego activo 2, por importe de 200 euros, adxudicado á **DONA LUCÍA FERNÁNDEZ PEINO.**
- Para asistencia técnica de impartición de 8 horas de docencia correspondente ao obradoiro de formación transversal de Fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da acción formativa "Operacións básicas de restaurante e bar" do proxecto Lugo emprego activo 2, por importe de 200 euros, adxudicado á **DONA LIDIA ENRICH GONZÁLEZ.**
- Para asistencia técnica de impartición de 8 horas de docencia correspondente ao obradoiro de formación transversal de Fomento da non discriminación e loita contra a exclusión social da acción formativa "Operacións básicas de restaurane e bar" do proxecto Lugo emprego activo 2, por importe de 200 euros, adxudicado á **DONA FABIOLA FERNÁNDEZ REDONDO.**
- Para asistencia técnica de impartición de 15 horas de docencia correspondente ao obradoiro de formación transversal Habilidades sociais da acción formativa: "Operacións básicas de restaurante e bar" do proxecto Lugo emprego activo 2, por importe de 375 euros, adxudicado á **DONA YOLANDA HERNÁNDEZ PINILLA.**
- Para asistencia técnica de impartición de 15 horas de docencia correspondente ao obradoiro de formación transversal hábitos laborais da

acción formativa “Operacións básicas de restaurante e bar” do proxecto Lugo emprego activo 2, por importe de 375 euros, adxudicado á **DONA TANIA LÓPEZ FREÁN**.

- Para a adquisición de material didáctico para o desenvolvemento das prácticas correspondentes á acción formativa do curso 2014/2827 “Atención sociosanitaria a persoas no domicilio”, dirixidas a persoas traballadoras desempregadas na CC.AA de Galicia, por importe de 337,26 euros, adxudicado á **DODISA SUMINISTROS MÉDICOS, S.L.**
- Para a contratación dunha empresa que se encargue de realizar unha avaliación e control de calidade da formación no curso 2014/2827 “Atención sociosanitaria a persoas no domicilio”, por importe de 542,32 euros, adxudicado á **PROYETSA (DONA SONIA ALFONSÍN FIGUEROA)**.

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Oficina Plan Urban

- Para traballos arqueolóxicos das obras de “Canalización augas fecais e pluviais do edificio adosado (novas tecnoloxías) e da casa do Concello (Praza Maior), por importe de 2.057 euros, adxudicado á **ENGOBE ARQUEOLOGÍA, S.L.U.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

2.- Facturas para ditame

- Dación de conta do **Decreto número 14007189**, de data 28/07/2014, polo que se aproban determinadas facturas.

Fóra da orde do día, ditamináronse favorablemente:

- De Protección da Comunidade

- Para arrendamento de vehículo todo terreo para a utilización pola brigada de incendios forestais, por importe de 2.994,75 euros, adxudicado á **LEASEPLAN SERVICIOS, S.A.**

- De Cultura

- Para obra de teatro, obradoiro de lucernas e folletos publicitarios, por importe de 3.994,50 euros, adxudicado á **ACHÁDEGO TEATRO**.

- De Deportes

- Para impermeabilización de cuberta nas piscinas municipais das Pedreiras, por importe de 4.637,01 euros, adxudicado á **RODRÍGUEZ Y REGUEIRO, S.L.**
- Para reparacións varias nas piscinas climatizadas de Frigsa, por importe de 5.670,63 euros, adxudicado á **SOLUCIÓN E INNOVACIÓN PROFESIONAIS, S.L.**

- De Plan Urban

- Para obras de canalización de augas fecais e pluviais do edificio adosado (Novas Tecnoloxías) e da Casa do Concello (Praza Maior), por importe de 26.801,50 euros., adxudicado á **ODEGAL, S.L.**

4.- Rogos e preguntas

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.